



# ANEXO VI

## “PLAN DE CONTINXENCIA”

### CPR. PLURILINGÜE ESCUELAS NIETO

VERSIÓN setembro 2021

O documento de referencia que regula este plan son as:

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022 **VERSIÓN 06/07/2021**

Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e no seu **ANEXO I (VERSIÓN 2-11-20)** (Os textos nesta cor corresponden ás modificacións que introduce a Resolución do 2/11/20 e o seu Anexo 1)



		P
1	INTRODUCCIÓN	2
2	ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO	2
3	ACTUACIÓ NS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL Supostos. Organización da atención educativa na aula virtual. Normas de uso da plataforma online da escola.	3 5 6 8
4	MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIA L	9
5	ANEXO - HORARIO ESPELLO (Aula Virtual)	10



## **1- INTRODUCCIÓN**

O Plan de Continxencia do centro Plurilingüe Escuelas Nieto, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## **2- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar ó alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha



parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

**7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.**

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### **3- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo (CLASSROOM, GMAIL, DRIVE, MEET). O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a partir dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.



14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Nos primeiros días de inicio de curso todo o alumnado recibirá por parte do profesorado do centro formación para o uso e manexo da plataforma online da Escola composta pola Suite Educativa de Google (Drive, Gmail, Classroom, Meet, Janboard, AdobeScan).
- b) O profesorado comprobará que todo o alumnado dispoña das credenciais para o acceso á plataforma online.
- c) Posto que xa se empregou a plataforma online durante o periodo de confinamento, dende a escola informaremos ás familias que teñan dificultades ou dúbidas no uso das ferramentas virtuais para prestarlles asesoramento e formación.

7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

8. **O alumnado** é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, **e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais** con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

10. **O profesorado** realizará o seguimento do alumnado, **impartirá os contidos da materia de xeito virtual** e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a **avaliación continua da mesma**.

17. **A administración educativa** garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

**d) Adoptaremos as medidas seguintes diante dos supostos que poidan xurdir:**



SUPOSTO	MEDIDA
Alumnado con síntomas compatibles que non acude no mesmo día á Escola.	Se as condicións de saúde llo permiten, seguirá as instrucións que os mestres da cada área lle indiquen, mentres dure a ausencia.
Alumnado con síntomas compatibles que abandona a escola na xornada lectiva	Se as condicións de saúde llo permiten, seguirá as instrucións que os mestres da cada área lle indiquen, mentres dure a ausencia.
Alumnado que debe facer cuarentena por prescripción das autoridades competentes.	Se as condicións de saúde llo permiten, seguirá as instrucións que os mestres da cada área lle indiquen na plataforma Online da escola, mentres dure a ausencia complementaránse a actividade lectiva con Meet (video conferencia) para dar explicación a aclaracións de dúbidas.
Alumnado que non dispoña de equipos informáticos para formación online ou que non dispoña de conexión a internet na casa.	<p>Notificarase á Consellería de Educación para que articule os procedementos que estime.</p> <p>No caso de que haxa retraso na resposta da Consellería, o centro artellarará un sistema de entrega de contidos ás persoas que a familia designe e que deberán recoller na escola e entregar cando así se requira polo centro.</p> <p>Poderase completar con atención telefónica.</p> <p>A Escola valorará o préstamo temporal de equipos informáticos sempre que non supoña unha merma para os alumnos/as ou profesorado que o precisen no periodo lectivo ordinario.</p>
<p><b>Corentena de aula ou confinamento total.</b></p> <p>(Resolución 2/11/20)</p>	<p><b>Desenvolvemento dun horario similar ao do ensino presencial,</b> o chamado “horario espello”, empregando ferramentas de comunicación e a aula virtual da escola.</p> <p>O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario.</p> <p>Deberá respectarse a carga lectiva de cada área. Esta repartirase de xeito que, <b>como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual</b> e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.</p> <p><b>O alumnado está obrigado a participar nas clases non presenciais.</b></p>

## ORGANIZACIÓN DA ATENCIÓN EDUCATIVA



NA AULA VIRTUAL	
ETAPAS CURSOS	SUPOSTOS DE AULAS EN CORENTENA OU CONFINAMENTO TOTAL
<b>E.Infantil</b>	<p>Dado as características da etapa a atención online organizarase do seguinte xeito <b>en Classroom, publicando recursos como guía para que as familias poidan realizar cos seus fillos/as.</b></p> <p>Luns: Mindfulness, Conto, Manualidades. Martes: Mindfulness, Psicomotricidade, Cálculo. Mércores: Mindfulness, Idioma estranxeiro (inglés). Xoves: Mindfulness, Lectoescritura, Venres: Lóxico-matemáticas, comprensión e atención.</p>
<b>EP- 1º</b>	<p>O alumnado de 1º E.P. será atendido a través da plataforma Classroom, onde se publicarán as actividades que o alumno /a teña que realizar cada día. Coordinaranse sesións para todas e cada unha das áreas, primando as áreas de Lingua Castelá, debido ao desenvolvemento do proceso lecto-escritor iniciado neste curso; e da área de Matemáticas, debido ao comezo e desenvolvemento do coñecemento matemático en todas as súas dimensións:</p> <p>Iniciación da numeración ( concepto e cuanteo), das operacións (unidades e decenas) ,medidas, xeometría e reflexión das distintas situacións cotiás. Establecerase un pequeno horario de sesións que teñan como base as referentes da aula :</p> <p>A primeira sesión será a Asemblea na que se traballarán conceptos temporais como días da semana, meses do ano, estacións (tanto en castelán como en galego).</p> <p>En segundas sesións traballarase o sistema lecto-escritor (inicio ou desenvolvemento).</p> <p>En terceiras sesións diversos conceptos matemáticos.</p> <p>E en cuartas sesións estableceremos conceptos de CCNN e CCSS.</p> <p>Todas as actividades serán publicadas cada día.</p> <p><b>Teremos para iso en conta as seguintes premisas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.- Alumnado non autónomo que depende dun adulto para establecer un contacto diario coa aula virtual. Falarase cos pais para establecer un pequeno horario de contacto para seguir o desenvolvemento do sistema lecto-escritor se fose preciso ( 5 alumnos por día) .</li><li>2.- Diariamente establecerase contacto a través de Meet de 11:00 a 12:30 con todos os alumnos que o necesiten para resolver as dúbidas que se presenten (Este poñerase con independencia ao que se estableza polo sistema lectoescritor). Contamos tamén para comunicarnos co correo electrónico e a App de comunicación Tokapp.</li><li>3.- Cada vez que se inicie un concepto nas distintas áreas farase a través de audios ou vídeos mandados a través de Classroom.</li><li><b>4.- As tutorías cos pais faranse online (meet) os luns de 18:00 a 19:00.</b></li><li><b>5.- Os venres ás 11:00 faremos un meet para poder estar en contacto todos xuntos.</b></li></ol>



## EP- 2º

Teremos en conta a pouca autonomía nestas idades e a necesidade de acompañamento por parte dun adulto/a, polo que organizaremos a atención educativa da seguinte maneira:

### A.- SUPOSTO DE CUARENTENA AULA COMPLETA

1.- **Envío diario de tarefas, vídeos e xogos** (de repaso e afianzamento do traballado ata ese momento) en Google Classroom, tratando de respectar a estrutura da clase o máximo posible, coa fin de xerar hábitos e rutinas (momento de asamblea, materias do día e tempos de lecer) e priorizando as Matemáticas e a Lectoescritura.

2.- **Organización temporal:** Poderán realizalas ao longo do día, segundo a dispoñibilidade na organización familiar.

### 3.- Titorización e comunicación coas familias e alumnado:

- Meet da mestra aberto ao longo da mañá para que poidan acceder no momento en que o desexen para preguntar dúbidas, ou calquera outra consulta que queiran facer (De 10:00 a 11.30 e de 12:30 a 13:30).
- Tutorías cos pais/nais online “meet” (luns de 18:00 a 19:00).
- Martes ás 11:30 faremos un meet conxunto para poder estar todos/as en contacto.
- Ademais estará dispoñible a comunicación vía mail (correo corporativo do cole) e tokapp.

**B.- CORENTENA OU CONFINAMENTO MÁIS LONGO (CENTRO OU XERAL).** No caso de corentenas máis amplas seguiremos o mesmo sistema, pero no caso de ter que ampliar ou iniciar algún contido, poderemos (previo acordo cos pais) facer explicacións online, en directo, en pequenos grupos, con horarios de conexión en momentos puntuais e enviando audios e vídeos a través do Classroom.

## EP- 3º a 6º

HORARIO ESPELLO

## ESO

HORARIO ESPELLO

## MEET

Docencia virtual.

Cada aula disporá dun Meet (exemplo: 4ºEp Escolas Nieto) durante a conexión os mestres son os que acceden á aula Meet no horario que lles corresponda.





## NORMAS DE USO DA PLATAFORMA EDUCATIVA ONLINE DA ESCOLA

<b>XERAIS</b>	As ferramentas da Suite Educativa da Escola non son dominios gratuitos de uso público, senón que é unha Site corporativa contratada por Escolas Nieto a Google.
<b>PROTECCIÓN DE DATOS</b>	Tódalas ferramentas están suxeitas as condicións xerais de protección de datos da Escola.
<b>NORMAS DE CONVIVENCIA</b>	A suite educativa rexerese polas mesmas normas de convivencia que a Escola.
<b>USO</b>	As ferramentas da plataforma online son de uso exclusivo para os alumnos ou pais/nais ou titores legais da Escola. Non estará permitido compartir as ferramentas con persoas alleas á escola, este feito considerárase como falta e poderá supoñer a suspensión das credenciais.
<b>FUNCIONAMENTO</b>	<p>Durante o curso actual empregaremos un sistema híbrido de traballo presencial e online, polo que tanto os contidos coma as tarefas serán realizadas tanto na escola como a través da plataforma.</p> <p>No caso suposto de suspensión de actividade lectiva presencial dunha aula ou do centro, establecerase un horario propio para a atención online. (Ver anexo)</p>
<b>MEET</b>	As videoconferencias en Meet planificadas para clases lectivas estarán destinadas unicamente para o alumnado, non estará permitido que asistan familiares, coñecidos, etc.
<b>CLASSROOM</b>	A aula virtual funcionará tódolo curso, polo que o alumnado combinará actividades de aula presencial con actividades na virtual, o motivo e minimizar o emprego de papel e facilitar a difusión de contidos así como a súa corrección.
<b>DRIVE</b>	<p>O almacenamento de arquivos ou información en DRIVE é ILIMITADO para todo o alumnado de Escolas Nieto, polo que non haberá problema para gardar contidos formativos de calquera tipo (videos, PDF, etc.)</p> <p><b>Será imprescindible empregar as aplicacións de DRIVE (Documentos de Google, Presentacións de Google, etc) para realizar as tarefas.</b></p>
<b>GMAIL</b>	A conta de correo será unha canle máis entre o titor/a, polo que o alumnado dispondrá das direccións dos seus mestres.
<b>CALENDAR</b>	Será empregado para organizar os eventos académicos do curso.



#### **4- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

15. Planificación do retorno a actividade presencial.

Esta estará condicionada pola regulación que estableza a autoridade competente na xestión de tempos de incorporación e prazos nos seus protocolos.



## ANEXO - HORARIO ESPELLO

	EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	ESO	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	
L U N S	9:00	EF	Ing	CN	Mat	9:00	Lga	Mat	XeH	Ing	L U N S
	9:55	LC	LC	Plas	EF	9:50	XeH	F/Q	Lga	Mat	
	10:50	LG	EF	Mat	Ing	10:40	BeX	Lga	F/Q	Lat/IAEE	
	11:45	C	R	E	O	11:30	Mat	XeH	Mat	Lga	
	12:10	Ing	CN	LG	LG	12:20	R	E C	R E	O	
	13:05	CS	CS	LC	CN	12:45	Ing	Les	VseC	F/Q/CAAP	
	16:00	Titoría alumnos	Titoría alumnos	Titoría alumnos	Titoría alumnos	16:00	Les	Orat	Tec	Plas	
	16:50	Titoría pais	Titoría pais	Titoría pais	Titoría pais	16:50	Fra	VseC	BeX	Plas	
					17:40	Titoría pais	Titoría pais	Titoría pais	Titoría pais		
M A R T E S	9:00	Plas	LG	CS	LC	9:00	Les	Lga	Mat	TIC	M A R T E S
	9:55	Mat	LC	Mat	Mat	9:50	Lga	Mat	Ing	XeH	
	10:50	CS	Mat	EF	Plas	10:40	Mat	Ing	Lga	VseC	
	11:45	C	R	E	O	11:30	BeX	Tec	Mus	Les	
	12:10	LC	Ing	Ing	CS	12:20	R	E C	R E	O	
	13:05	EF	CS	LG	Ing	12:45	Orat	Mus	Plas	Lat/IAEE	
M É R C O R E	9:00	LC	LG	LC	Mus	9:00	EF	Mat	Lga	Ing	M É R C O R E
	9:55	Mat	Mat	Mat	Mat	9:50	EF	Tec	Mat	Les	
	10:50	CN	Plas	LG	LC	10:40	Lga	EF	Fran	F/Q/CAAP	
	11:45	C	R	E	O	11:30	Les	EF	BeX	TIC	
	12:10	Mus	LC	Ing	LG	12:20	R	E C	R E	O	
	13:05	LG	Ing	Mus	EF	12:45	Mat	Ing	Les	XeH	
X O V E S	9:00	Valo	Val	Valo	Valo	9:00	Tit	Tit	Tit	Tit	X O V E S
	9:55	CN	Mus	Mat	Mat	9:50	BeX	Tec	Les	Lat/IAEE	
	10:50	Mat	Mat	CN	LC	10:40	Ing	Mat	XeH	Lag	
	11:45	C	R	E	O	11:30	XeH	F/Q	Plas	Mat	
	12:10	Ing	LG	LC	CS	12:20	R	E C	R E	O	
	13:05	LG	Afond	EF	Ing	12:45	Mat	XeH	Mus	Plas	
V E N R E S	9:00	LC	Mat	Ing	Mat	9:00	Les	Lag	EF	Mat	V E N R E S
	9:55	Mat	LC	Mat	LG	9:50	Lga	Ing	EF	F/Q	
	10:50	Ing	LG	CS	CS	10:40	Ing	Mat	Les	EF	
	11:45	C	R	E	O	11:30	Mat	XeH	Fran	EF	
	12:10	CS	CN	LC	CN	12:20	R	E C	R E	O	
	13:05	LG	EF	LG	Afond	12:45	XeH	Les	Mat	Ing	
						13:35	BeX	Fra	Tec	XeH	
		EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	ESO	1º ESO	2º ESO	3º ESO	

Atención lectiva Online (Meet ou similar en semanas alternas)

Atención lectiva Online (Meet ou similar)

**TITORÍAS:** Polas canles de comunicación que se acorden ,Tokkapp, teléfono, Mail, Meet (Videoconferencia)

As áreas que están en cor branco serán para a realización de tarefas, estudo, probas, etc, supervisadas en Classroom.

Os tempos de lecer (Recreos) son os reflectidos no horario.

Os mestres de NEAE, estarán integrados nas conexións e traballo de tarefas, xunto cos profesores de área nos periodos lectivos correspondentes.

